



“VIAXE EUROPEO” A LISBOA DO ALUMNADO DAS SECCIÓNS PLURILINGÜES E DAS SECCIÓNS BILINGÜES.

50 alumnas e alumnos das Sección Plurilingües e Bilingües realizarán a xa tradicional “VIAXE EUROPEA” co ánimo de que coñecen cidades e países de U.E., este curso a Lisboa e estarán acompañados de 4 profesores. En Lisboa contaremos coa colaboración da profesora Doña Elisabete Pires que tamén axudou a facer o programa.

Estarán na capital portuguesa durante 4 días cun programa completo, interesante e diferente tal como corresponde a esta viaxe. Entre outras actividades terán unha xornada de convivencia co alumnado do Agrupamento de Escolas Ferreira de Castro en Massamá e visitarán no Palácio de São Bento o Parlamento portugués.

Outras actividades como a viaxe por Sintra, Cascais e Estoril, a visita ao Palácio da Pena, ao Oceanário de Lisboa, a viaxe en barco no Taxo onde farán a “ruta dos descubrimentos” así como a visita ao Centro Cultural de Belém (CCB) completarán esta “Viaxe Europea”.